



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 19 DE OUTUBRO DE 2020

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/2151/2019.- Concédese licenza para executar obras de muro de contención na parcela situada na Vía Isaac Peral, 44.

LIC/1185/2018.- Levántase a suspensión da tramitación do expediente de legalización de almacén agrícola situado no lugar de Barral, 6 A acordada por Decreto de data 21705/2019 e conceder licenza para legalización de almacén agrícola na parcela situada no lugar de O Barral, 6 A.

PARCELACIÓNS/SEGREGACIÓNS.-

LIC/326/2020.- Acórdase aceptar gratuitamente e libre de cargas a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para parcelación da parcela nº 392 de concentración parcelaria de O Eixo – Marrozos en rúa do Redondelo.

LIC/1131/2020.- Concédese a segregación/parcelación solicitada da parcela sita na rúa do Carne de Abaixo, 31.

OUTROS ACORDOS

6 a 40. – IIVTNU (Plusvalía). Propostas da concelleira delegada de Economía e Facenda relativas a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. Apróbanse os citados beneficios fiscais.

41. – Expediente TXX/1176/2018. Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre construcións, instalación e obras. Apróbase o beneficio fiscal.

41. – Expediente TXX/1394/2019. Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles. Apróbase o beneficio fiscal.

41. – Expediente TXX/1394/2019. Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles. Apróbase o beneficio fiscal.

43 e 44. – Expedientes TXX/1713/2019 e TXX/442/2020. Propostas da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre actividades económicas. Apróbanse os beneficios fiscais.

45 e 51. – Expedientes TXX/841/2020 - TXX/892/2020 - TXX/892/2020 - TXX/969/2020 - TXX/1010/2020 - TXX/1036/2020 - TXX/1164/2020 - TXX/1369/2020. Propostas da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Apróbanse os beneficios fiscais.

52. Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á estimación da solicitude de bonificación no imposto sobre construcións, instalación e obras, presentada por un particular. Concédese a bonificación do 75% en relación coas obras de acondicionamento dunha cociña nun edificio da rúa Moscova, por cumprir os requisitos esixidos.

53. Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á estimación da solicitude dun recurso de reposición presentado por un particular contra acordo da sesión de data 11.05.2018 en concepto de plusvalía. Estímase o citado recurso e concédeselle a bonificación do 95% sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana pola transmisión do 50% do pai, dado que é propietario no territorio nacional de bens inmobles cun valor catastral do sólo inferior a 75.000 euros e pola transmisión do 50% da nai, a bonificación do 50%, dado que é propietaria no territorio nacional de bens inmobles cun valor catastral de sólo superior a 150.000 euros.

54. Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á estimación da solicitude dun recurso de reposición presentado por un particular contra acordo da sesión de data 15.06.2018 en concepto de plusvalía. Estímase o citado recurso e concédeselle a bonificación do 95% sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana pola transmisión do 50% do pai e do 50% da nai, dado que son propietarios no territorio nacional de bens inmobles cun valor catastral do sólo inferior a 75.000 euros.

55. Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á estimación da solicitude dun recurso de reposición presentado por un particular contra acordo da sesión de data 05.10.2018 en concepto de plusvalía. Estímase o citado recurso e concédeselle a bonificación do 75% sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana pola transmisión do 56,8% do pai; dado que é propietario no territorio nacional de bens inmobles cun valor catastral do sólo superior a 75.000 euros; e do 95% pola transmisión do 43,2% da nai, dado que é propietaria no territorio nacional de bens inmobles cun valor catastral do sólo inferior a 75.000 euros

56. Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á estimación da solicitude dun recurso de reposición presentado por un particular contra acordo da sesión de data 05.10.2018 en concepto de plusvalía. Estímase o citado recurso e concédeselle a bonificación do 75% sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana pola transmisión do 56,8% do pai; dado que é propietario no territorio nacional de bens inmobles cun valor catastral do sólo superior a 75.000 euros; e do 95% pola transmisión do 43,2% da nai, dado que é propietaria no territorio nacional de bens inmobles cun valor catastral do sólo inferior a 75.000 euros

57. Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á estimación da solicitude dun recurso de reposición presentado por un particular contra acordo da sesión de data 15.06.2018 en concepto de plusvalía. Estímase parcialmente o citado recurso e concédeselle a bonificación do 75% sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana pola transmisión do 50% do pai, e do 75% do 50% da nai, dado que son propietarios no territorio nacional de bens inmobles cun valor catastral do sólo superior a 75.000 euros e inferior a 150.000 euros.

58. Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á estimación da solicitude dun recurso de reposición presentado por un particular contra acordo da sesión de data 25.05.2018 en concepto de plusvalía. Estímase o citado recurso e concédeselle a bonificación do 95% sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana pola transmisión do 50% do pai; dado que é propietario no territorio nacional de bens inmobles cun valor catastral do sólo inferior a 75.000 euros; e do 75% pola transmisión do 50% da nai, dado que é propietaria no territorio nacional de bens inmobles cun valor catastral do sólo superior a 75.000 euros e inferior a 150.000 euros.

59. Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de exencións nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida do tratamento de residuos sólidos urbanos. Concédese a exención de taxas a 38 particulares por cumprir os requisitos esixidos; e denégaselle a un particular por non cumprir os requisitos esixidos nas Ordenanzas Fiscais reguladoras das taxas municipais.

60. Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais e da de Igualdade, dando conta da sinatura de diversos convenios entre o concello e entidades/asociación de carácter social, e a USC. Dase conta dos convenios de colaboración asinados entre o departamento de Igualdade e:

- A USC por un importe de **11.000 euros** para subvencionar programas e actividades dirixidas á formación, difusión e sensibilización en materia de igualdade de xénero.
- A Fundación Universidade Santiago de Compostela por un importe de **9.000 euros** para subvencionar distintas actividades.
- Cáritas Diocesana de Santiago (Programa Vagalume) por un importe de **30.000 euros**.

Ademáis, desde o departamento de Políticas Sociais púxose en coñecemento da Xunta de Goberno Local os convenios asinados polo concello no ano 2020 con 21 entidades sociais, que ascenden a 514.500 euros. Son:

1. Agadea. Asociación Galega para a Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzheimer: 3.000 euros.
2. Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais: 3.500 euros.
3. Banco de Alimentos de Santiago de Compostela: 5000 euros.
4. Aspanaes. Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista TEA da provincia da Coruña: 3.000 euros.
5. Fundación Down Compostela. 10.000 euros.
6. Centro Cultural Social Xoan XXIII. Albergue. 60.000 euros.
7. Asociación de persoas Xordas de Santiago de Compostela. 10.000 euros.
8. Fundación Andrea de apoio aos nenos con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais. 3.000 euros.
9. Aspas. Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade intelectual: 6.000 euros.
10. Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela. 2.000 euros.
11. Alcer. Asociación de Loita contra Enfermidades do Ril da Coruña. 4.000 euros.
12. Acem. Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple. 9.000 euros.
13. Fundación Secretariado Xitano. 23.000 euros.
14. Cociña Económica de Santiago: 60.000 euros.
15. Cáritas Diocesana de Santiago. Programa atención primaria. 120.000 euros.
16. Cruz Vermella Española. 75.000 euros.

17. Feafes Galicia. Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia. 60.000 euros.
18. Sarela. Asociación de Dano Cerebral Compostela. 3.000 euros.
19. Fundación Monte do Gozo. Proxecto Home. 45.000 euros.
20. Itinera. Asociación Itinera de Voluntarios en Saúde Mental. 5.000 euros.
21. Escola de tempo libre e animación sociocultural Don Bosco. 5.000 euros.

61. Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e ECOEMBES para a mellora da recollida selectiva de papel cartón e envases lixeiros en Santiago de Compostela. Apróbase a proposta de sinatura do convenio, en virtude do cal, ECOEMBES entregará ao concello contedores para a súa ubicación na vía pública ata un máximo de 3.900 euros (contedores de recollida de papel cartón) e 7.400 euros (contedores de envases lixeiros). Nas cantidades non está incluído o IVE. A financiación e compra dos contedores, cuxa propiedade se transmite a favor do concello, será asumida na súa totalidade por ECOEMBES.

62. Dar conta do decreto da Alcaldía de designación do vogal das Mesas de contratación en substitución do interventor xeral, para a súa convalidación. Dase conta.

63. Proposta da alcaldía relativa a un persoamento do concello. Estímase conveniente para a defensa dos intereses municipais o persoamento do concello no PO117/2020 CA1.

64. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación da renovación das autorizacións para o exercicio da venda ambulante no Mercadiño de Salgueiriños. Acórdase:

- Autorizar a renovación das autorizacións a 90 solicitantes.
- Condicionar a autorización á aportación da documentación esixida e ao pagamento da taxa correspondente en 44 das solicitudes.

65. Dar conta das resolución das concellerías delegadas. Dase conta.

URXENCIAS

1. **Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á ampliación da zona de residentes nº 7 de San Lourenzo.** Apróbase a incorporación dos veciños da rúa Presidente Salvador Allende na zona de Residentes nº 7, San Lourenzo, que poderán solicitar e obter o distintivo de residentes, previa solicitude e sempre que cumpran as condicións e requisitos previstos nos artigos 7 e 8 da *Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Aparcamiento e Aparcamiento de residentes*. Ademais, propónse ampliar a zona de aparcamento para residentes a toda a marxe dereita da rúa Presidente Salvador Allende, en horario de 21:00 h. ata as 09:00 h.